

PADRÓN



SARA ALONSO GARCÍA
ANDREA CALVO RIVEIRO
AITANA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
3ºB

ÍNDICE

Localización.....	páx. 3
Etimoloxía.....	páx. 3
Clima.....	páx. 4
Historia.....	páx. 5
Literatura.....	páx. 6-7
Arte.....	páx. 8-9
Flora e fauna.....	páx. 9-10
Festas.....	páx. 11
Lenda.....	páx. 12-13
Gastronomía.....	páx. 13-14-15- 16
Economía.....	páx. 16-17

LOCALIZACIÓN:

O municipio de Padrón sitúase no oeste de Galicia, máis concretamente, ao sureste da Coruña. Atópase a 28 km de Santiago de Compostela.

A súa superficie é de 48,37 km² e conta con 12.300 habitantes.



ETIMOLO XÍA:


O topónimo Padrón procede da palabra grega "pedrón" (pedra en galego); déuselle este nome porque no século XV, á beira do río Sar, atopábase un altar denominado "pedrón", dedicado ao deus Neptuno.

CLIMA:

Padrón conta cun clima oceánico húmido. Caracterízase por ter unhas temperaturas suaves e abundantes precipitacións, debido á proximidade ao océano. Os invernos son fríos e os veráns, frescos.

As precipitacións sitúanse habitualmente por

riba dos 1.000 mm. As temperaturas medias oscilan entre os 12°C e os 15°C. En xaneiro non baixan dos 6°C e en xuño non superan os 20°C.



HISTORIA:

A historia de Padrón vai ligada á de Iria Flavia, que era a gran cidade romana á que chegou o apóstolo Santiago.

Dende o século IX a peregrinación a Compostela consolidouse como unha das rutas máis importantes do cristianismo. As sucesivas obras

realizadas polos bispos contribuíron a que se orixinaras novos núcleos de poboación, arredor dos cales se producían constantes renovacións económicas e culturais.

Desde que os restos do Apóstolo foron levados a Santiago de Compostela, Padrón

converteuse no principio da ruta ata o sepulcro para que os



peregrinos que chegaban por mar. Tamén se converteu no obxectivo para os saqueadores viquingos e normandos entre os séculos X e XI (polo que se mandaron construír as Torres do Oeste).

LITERATURA:

Rosalía de Castro

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 1837 - Padrón 15 de xullo de 1885) foi poetisa e novelista con gran repercusión nesta comarca.



Considérase unha escritora destacada na literatura do século XIX, especialmente no Rexurdimento Galego, xunto con Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

Coas súas obras en galego fixo recoñecer e darlle auxe á nosa lingua, que neses tempos non estaba moi ben vista nalgúns asuntos.

Escribiu os seus primeiros versos con 12 anos e a xente comezou a coñecela cando tiña os 17.

As súas obras máis destacadas foron:

-*Cantares gallegos* (1863), na que a escritora reivindica a voz do pobo galego.


-*Follas novas* (1880), na que reflicte a súa maneira de ver a vida.

-*En las orillas del Sar* (1884).

·*Camilo José Cela*

Camilo José Cela (Iria Flavia, Padrón, 11 de maio de 1916 - Madrid, 17 de xaneiro de 2002).

Foi escritor de novelas, periódicos, ensaios, conferencias e editor de revistas literarias. Ademais, foi académico de Real Academia Española durante 45 anos. Foi galardoado repetidas veces polas súas obras.



Algúns destes premios foron:

-Príncipe de Asturias das Letras (1987).

-Nobel de Literatura (1989).

-Premio Cervantes (1995).

Polos seus méritos literarios, en 1996 o rei Juan Carlos I otorgoulle o marquesado de Iria Flavia.

As súas obras máis destacadas foron:

-*La colmena* (1951), onde fala da sociedade madrileña de mediados do século XX.

-*Nuevas andanzas y desventuras de Lazarillo de Tormes* (1944), na que conta unha nova historia sobre un Lázaro, intentado revivir a novela orixinal do *Lazarillo de Tormes*.

ARTE:

·Espolón

É un paseo construído sobre un areal dun río no S. XIX. A súa historia conta que os veciños de 4 parroquias tiveron que axudar a levantalo, o que orixinou protestas pola súa parte. Desde a Idade Media celébrase un mercado típico os domingos, onde se venden produtos de diversos tipos..

Decoran o paseo as estatuas de Camilo José

Cela e Rosalía de Castro.

·Fonte do carme

Obra atopada nun lado do ponte de Santiago, cuxa data de construción orixinal descoñécese, aínda que se sitúa polo século XVI.

Na parte superior pódese observar a Santiago bautizando á raíña de Lupa; debaixo, un releve da translación do apóstolo polos seus discípulos; e no oco por onde sae a auga, unha imaxe da Virxe dos Dolores.



·Mosterio franciscano de Herbón

Foi fundado no 1936 por Gonzalo Mariño e Pedro de Nemancos.

A súa importancia ven dada porque é o lugar onde se levaron os primeiros pementos de Padrón, traídos desde América por un franciscano aloxado neste mosteiro. Isto provocou a fama que teñen agora estes pementos a nivel nacional e internacional.

FLORA E FAUNA:

Do río Ulla

Como fauna do río Ulla pódese dicir que conta cunha gran diversidade.

Destacan as aves migratorias nas estacións calurosas, mamíferos de tamaño medio, anfibios e peixes fluviaís.

Entre as moitas aves deste lugar encontramos corvos, cornexos e gaviáns. Polas noites tamén son comúns os murciélagos. Adentrándose nos bosque podemos observar perdices, coellos, xabarís, erizos e, en menor medida, lobos e raposos.

Respecto á pesca, sobresaen as troitas, as anguías, as lampreas e os salmóns.

Na flora do río



distínguese robres, castiñeiros, piñeiros, eucaliptos e arbustos como breixos e toxos. En primavera, a paisaxe échese de flores chamativas.

Tamén apreciamos árbores frutais coma maceiras, pereiras, laranxos, cerdeiras e ameixeiras.

FESTAS:

·Festa do Pemento de Herbón

Celébrase o primeiro domingo de agosto desde 1978. Nela pódense degustar gratis pementos típicos do lugar.

Tamén se leva a cabo un desfile de tractores agrícolas presentando os produtos da zona. Despois, prémíase ao máis decorado.

Como peche da celebración ten lugar a actuación dunha orquestra na verbena.

·Festa da Pascua

Esta festa transcorre desde o Domingo de Ramos ata o Domingo de Pascua. Conta cunha tradición de varios séculos de antigüidade, e nela lévanse a cabo diversas actividades, tanto relixiosas

coma lúdicas.

Dentro dos actos realizados destacan as misas, as procesións, campionatos de tenis e xadrez e concursos de exhibicións de cabalos e eguas de pura raza galega.

Tamén ten lugar unha feira de exposicións de maquinaria agrícola e industrial.

LENDA:

A lenda conta que a barca que trasladou o corpo do apóstolo Santiago era de pedra, e foi pilotada por Teodoro e Anastasio, os discípulos do Apóstolo.

Tras cruzar o Mediterráneo, entraron na ría de Arousa. Ao chegar alí, buscaron axuda para trasladar o ataúde ata que se atoparon coa Raíña Lupa.



Cóntase que ao depositar o corpo sobre unha lousa de pedra, esta derreteuse axustándose ao contorno do cadáver.

Ao descubri-lo, a raíña sospeitou que era obra de magos, entón, mandounos meter no cárcere. Ao ser liberados, os anxos convenceron á raíña para que lles deixara enterrar o corpo nesas terras, nun sitio digno.

A raíña aceptou e deulles unha carreta tirada por touros bravos para que transportaran o sarcófago, pero á voz dos apóstolos, estes volvéronse mansos.

Detrás desta lenda vemos unha vez máis a cristianización da Igrexa en lugares pagáns.

GASTRONOMÍA:

·Pementos de Padrón

Os pementos de Herbón (coñecidos como "pementos de Padrón") é o primeiro no que pensa unha persoa en canto alguén di "Padrón" .



Estes pementos, coñecidos xa a nivel internacional, proveñen de América. Nunha viaxe que realizou un monxe don antigo mosteiro franciscano para evanxelizarse ó Novo Mundo recolleu unha semente e deixouna xerminar nas beiras do río Ulla. Aínda así, nas nosas terras melloraron en sabor.

Os expertos nisto din que dous factores que inflúen en se pican ou non son o tamaño e o tempo de recolección.

Polo mes de maio ata agosto, non pican. Metidos en agosto e crecidos é probable que si o fagan.

Pódense comer como aperitivo ou ben como acompañamento de determinadas carnes e pescados.

Lamprea

É un animal semellante á serpe e á anguía que pode transmitir unha sensación non moi agradable na primeira dentada.

As máis boas captúranse no río cando soben a desovar. Na zona de Herbón úsanse as pesqueiras, que son unhas comportas instaladas



na zona de corrente polas que o animal ten que pasar para cumprir o ciclo vital.

Dise que "Galicia" é o pobo de máis lampreas en Europa, pero este feito cúmprese con firmeza en Padrón onde se cociña de moitas maneiras: en salsa, á bordelesa, á galega, guisada ou empanada. A forma máis padronesa é en empanada, un prato que ao arcebispo Xelmírez lle encantou e mandou esculpila nas ménsulas do palacio.

·Postres

Cando en Padrón chega a hora do postre existen tres alternativas típicas.

Unha destas pode ser froita natural das hortas do Sar e do Ulla: mazá semellante á tabardilla, pera, pexego ou uva "catalá" (predominante na zona). Esta ten un sabor ácido e unha pel dura. Ademais, pode resultar exótica.

Outro postre ao que recorrer é o queixo de tetilla combinado con marmelo.

Inda que as alternativas xa citadas serían unha boa elección, a que predomina é a repostería. Nela destacan as filloas, as cañas, os amendoados, as galletas de pico ou as milfollas, moi presentes nos restaurantes.

Tamén resalta unha tarta parecida á "tarta de

Santiago". Trátase dunha tarta de améndoa de xema de ovo e recuberta por unha capa de azucre glaseado. Este doce alcanzou os mellores logros na gastronomía coa familia Latorre que aínda mantén a tradición cunha repostería co mesmo nome que suministra produtos aos mellores restaurantes.

ECONOMÍA:



A principal actividade económica é a agricultura e o sector servizos.

Na agricultura destacan a lamprea e os pementos de Padrón, coñecidos en todo o mundo e cultivados en grandes invernadoiros establecidos entre o río Sar e o Ulla.

As feiras de Padrón tamén inflúen na súa economía. Nelas pódense atopar pulpeiras e postos onde mercar produtos da zona.

O turismo incremenntouse em gran medida nos últimos anos, grazas a que a maioría dos peregrinos que fan o Camiño de Santiago pásanse por Padrón

para visitar os museos de Camilo José Cela e a casa de Rosalía de Castro, entre outros.

A fábrica padronesa máis destacada é PICUSA (Padronesa Industrial de Curtidos S.A.), dedicada ao curtido e remate de peles de gran calidade. Existe desde 1875 en Galicia, pero actualmente está presente en China, EEUU, Francia, India, Italia, Inglaterra e Portugal (no ano 2010 o resultado de vendas foi dun 30% no mercado nacional e un 70% no internacional).